

- (58-59-68) Entendese como colectivos, calquera asociación de vecinos, mulleres rurais, asociación cultural, deportiva, etc, que reuna as condicións legais para cada caso, que estea en activo e dada de alta no rexistro dos seus respectivos concellos. Deberá presentar a documentación necesaria para comprobar estes requisitos antes de iniciar a actividade que desexe realizar.
- * Se a inscrición se realiza a partires do día 15, se establecera unha redución do 50% para a cuota de dito mes.

Contra o presente acordo de aprobación, que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso administrativo diante do xulgado do contencioso-Administrativo de Pontevedras, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación. De xeito potestativo pódese interpor tamén recurso de reposición diante do mesmo órgano autor do acto, no prazo de un (1) mes desde o día seguinte á da súa publicación.

A Cañiza, a 27 de setembro de 2011.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2011009640

* * *

O GROVE

A N U N C I O

Informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o día 26 de setembro de 2011, a Conta Xeral do exercicio de 2010, expónse ao público por período de 15 días hábiles, a efectos de que polos interesados se podan presentar reclamacións, reparos ou observacións durante este período de exposición e oito días máis, contados a partir do día seguinte o da inserción deste anuncio no BOP, según o disposto no artigo 212 do RDLeg 2/2004 de 5 de marzo, antes de levala ó Pleno para a súa aprobación definitiva.

O Grove, a 27 de setembro de 2011.—O Alcalde, Miguel A Pérez García.

2011009639

* * *

PONTECESURES

A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 26/09/11, o expediente de suplemento e crédito extraordinario nº 01/2011 dentro do vixente Presuposto municipal, por un importe de cento trinta e un mil trescentos oitenta e dous euros con setenta e cinco céntimos (131.382,75 €), en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ó público por prazo de quince días hábiles na Secretaría do Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ó de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas.

Pontecesures, 27 setembro de 2011.—O Alcalde, Manuel L. Álvarez Angueira.

2011009592

* * *

O PORRIÑO

A N U N C I O

Con data de 28 de xullo de 2011 o Sr. Alcalde desta Corporación aprobou inicialmente o expediente de baixa de exercizos pechados por prescrición colectiva.

O que se pon en coñecemento para que no prazo de vinte días contados desde o día seguinte á data da publicación deste anuncio, os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións